

CONVOCATORIA DE ACTIVIDADES DE VERÁN DO CENTRO DE LINGUAS MODERNAS (CLM)

A Universidade de Santiago de Compostela convoca as actividades de verán 2025 do Centro de Linguas Modernas, dirixidas ao alumnado da universidade como servizo de apoio complementario á educación universitaria, ao resto da comunidade universitaria e a calquera persoa interesada maior de 18 anos, de conformidade coas seguintes

BASES

1. Actividades ofertadas

No verán 2025 impartiranse as seguintes actividades formativas cuxos detalles poden consultase no Anexo:

Alemán INICIAL A1.1 – curso presencial

Inglés INTERMEDIO – Sesións de conversación en liña

Inglés INTERMEDIO – Sesións de conversación presenciais

Inglés AVANZADO – Sesións de conversación en liña

Inglés AVANZADO – Sesións de conversación presenciais

2. Recoñecemento e créditos ECTS

A asistencia mínima ao 80% das sesións programadas, a participación activa, a realización das tarefas encomendadas para a superación da correspondente avaliación dará dereito á emisión dun diploma de aptitude coa denominación da actividade, nivel (inicial / intermedio /avanzado) a que corresponde e o número de horas.

Estas actividades poderán ser recoñecidas con créditos ECTS (en xeral, 1 ECTS por cada 25h) aos estudantes da USC, segundo o a *Resolución reitoral do 5 de febreiro de 2025, pola que se desenvolve o Regulamento en materia de recoñecemento de actividades susceptibles de recoñecemento e a súa equivalencia en créditos*.

3. Test de nivel

Para participar nas Conversas de INGLÉS de nivel Intermedio e Avanzado é preciso realizar un test de nivel, gratuíto, que poderá ser presencial e/ou en liña, para o cal haberá que inscribirse previamente segundo o calendario que se pode consultar no Anexo.

A inscrición no test de nivel farase por Internet dende a [páxina web do CLM](#). No caso de dúbidas poden dirixirse a clm@usc.gal

Os resultados dos test de nivel publicaranse na Secretaría Virtual do alumnado.

O nivel acadado no test de clasificación non acredita o nivel actual, senón que só indica o nivel solicitado para poder matricularse na actividade elixida.

Cando se teña o resultado do test de nivel, as persoas interesadas xa poderán matricularse.

4. Matrícula

As persoas interesadas nas actividades de nivel inicial poderán matricularse directamente. As restantes terán que facer previamente o test de nivel indicado.

A matrícula farase por Internet dende a páxina web do CLM <<http://www.usc.gal/clm>> nos prazos indicados no Anexo.

A matrícula comporta o pagamento das seguintes tarifas.

Curso	Tarifa ordinaria	Tarifa USC	Tarifa estudantes da USC
Alemán	175 €	130 €	105 €
Conversas	Tarifa ordinaria	Tarifa USC	Tarifa estudantes da USC
Inglés	50 €	30 €	25 €

Nestas actividades non é de aplicación o réxime de exencións ou subvencións á matrícula que rexe para os estudos universitarios ordinarios.

No caso de problemas coa matrícula en liña deben remitir unha incidencia ao enderezo clm@usc.gal e seguir as indicacións recibidas.

Non se poñerán en marcha as actividades que non acaden o mínimo de persoas matriculadas. No caso de anulación da actividade polo CLM, o alumnado ten dereito á devolución da matrícula. Despois do inicio da actividade, a renuncia á matrícula por causas alleas á Universidade non dará dereito á devolución do seu importe.

5. Seguro

Agás as persoas que realizan os seus estudos no CLM da USC única e exclusivamente en liña e en ningún momento permanezan nas instalacións da USC, todas as persoas, nacionais ou estranxeiras, que non están cubertas polo seguro escolar obrigatorio do INSS, por non ter formalizada matrícula en estudos oficiais na USC no curso académico correspondente ou ben, sendo alumnos/as da USC neste curso son de nacionalidade estranxeira ou nacionais maiores de 28 anos e non teñan contratado este seguro nos estudos nos que formalizaron matrícula, deben subscribir o seguro de accidentes e asistencia en viaxe establecido como obrigatorio polo Acordo do Consello de Goberno do 26 de xuño de 2009. Máis información en: <<http://www.usc.es/gl/servizos/sxe/seguros.html>>.

6. Información

CENTRO DE LINGUAS MODERNAS (CLM)

Avda. das Ciencias 7, 1º

Campus Vida – Santiago de Compostela

Tel.: 8818 14443

Correo electrónico: clm@usc.gal

CENTRO DE LINGUAS MODERNAS (CLM)

Aulario da facultade de Humanidades

Sala de profesores do CLM (Lugo)

Tel.: 982 82 606

Correo electrónico: clm@usc.gal

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela ou Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, aprobada pola Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non haxa resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O reitor

P. D. de competencias, R.R. do 21 abril 2022 (DOG 26 abril 2022)

O xerente

Javier Ferreira Fernández

ANEXO Cursos CLM de verán 2025 no Campus Santiago e en liña

Nome do curso Nivel	Nivel MECRL orientativo	Horas / modalidade lugar	Número de grupos	Número de prazas	Inscripción no Test de nivel Realización do Test	Prazo de matrícula	Calendario das clases Horario	Tarifas: 1º Estudantes USC 2º Comunidade USC 3º externos
Conversas de Inglés INTERMEDIO	B1	10 h Presencial CCPP, seminario 02	1	6	25 de xuño as 16:15 en CCPP sem.0.2	20/06- 27/06	Luns, martes, mércores, xoves e venres 30 de xuño 1,2,3,4,7,8,9,10,11,14,15,16,17,18 de xullo 16:00-16:40	1º 25,00€ 2º 30,00€ 3º 50,00€
Conversas de Inglés INTERMEDIO	B1	10 h En liña MS TEAMS	1	4	CONTACTAR CON paula.diz.blanco@usc.es	20/06- 27/06	luns-martes-merc-xoves 30 de xuño 1,2,3,7,8,9,10,14,15,16,17,21,22,23de xullo 15:00-15:40	1º 25,00€ 2º 30,00€ 3º 50,00€
Conversas de Inglés AVANZADO	C1	10 h Presencial Facultade de Bioloxía, Seminario 2	1	6	23 e 25 xuño as 11:00. facultade de Bioloxía. aula 6	20/06- 27/06	Luns, mércores e xoves 30 xuño 2, 3, 7, 9, 10, 14, 16, 17, 21, 23, 24, 28, 30, 31 xullo 11h00-11h45	1º 25,00€ 2º 30,00€ 3º 50,00€

Conversas de Inglés AVANZADO	C1	10 h En liña MS TEAMS	1	4	CONTACTAR CON d.obrien@usc.es	20/06- 27/06	Martes, mércores e xoves 24,25 e 26 de xuño, 1,2,3,8,9,10,15,16,17,22,23 e 24 de xullo 9h30 – 10h10	1º 25,00€ 2º 30,00€ 3º 50,00€
---	----	-----------------------------	---	---	----------------------------------	-----------------	--	-------------------------------------

Curso de Alemán INICIAL	A1.1	40 h presenciais + 10 h de traballo autónomo Facultade de Filosofía Aula de idiomas	1	15	Acceso directo sen test de nivel	20/06- 01/07	Luns, martes, mércores, xoves e venres 9:00-14:00 7/07-18/07	105,00€ 130,00€ 175,00€
--------------------------------------	------	--	---	----	-------------------------------------	-----------------	---	-------------------------------

As actividades recollidas neste Anexo poderán sufrir cambios por motivos da organización.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 03/06/2025 13:34:44.

CSV: 6775-F010-411C-A272